



Benia quen constrúe
a paz



O bo morrer é moral

O ano das vacinas



O trasno

Daniel López Muñoz

2020: Moito que celebrar, moito que *esperanzar*

2020, que deprimente, un ano para esquecer. Quen dixo tal? (Nota: eu mesmo o dixen, pero teño un trasacordo).

Exerzamos o oficio de esperanzadores. Un esperanzador é un carpinteiro que, no canto de facer armarios de melamina, fai esperanzas de carballo. Unha esperanzadora é unha labrega que, ademais de patacas, rabizas e reinetas, cultiva razóns para camiñar pola vida mellorándoa (Nota: as patacas, rabizas e reinetas da casa son, de seu, unha potente mellora da vida).

O argallo este da *Irimia* vai moito diso. Poñer o buzo de esperanzador cada mes e, veña!, a esperanzar un anaco! (Nota: esperanza crítica, que a ilusión ilusa é pasto de telepredicadores).

Por aquí pasaron en 2020 pequenas grandes realidades, vacinas contra a depresión espiritual. Velá!... Estivemos con Tamara Balboa defendendo o paridoiro de Verín, batalla ganada nesa guerra incerta por un rural habitable. E con Pepa Vázquez, impulsora da Asociación “Boa Vida” de Pontevedra, para darlle novas oportunidades á xente máis excluída: “a fraternidade que paga a pena”. Rubén Aramburu contounos de Nicanor Acosta, loitador até a fin contra os desafuzamentos, e el mesmo desafuzado.

Celia Carballido falounos da tarefa de Médicos do Mundo a prol da saúde das persoas inmigrantes. Convocamos, celebramos e narramos unha preciosa Festa do Lume, “Humanidade sen fronteiras”. Con Djibril Faye, inmigrante en *patera* e agora mediador cultural, e Mohamed Said, activista de SOS Racismo. Entrevistamos a Xosé Abad, *alma mater* de “Acampa, pola paz e o dereito ao refuxio”, que nos dicía aquilo tan lindo de que “o importante son pequenas conquistas que sumadas logren cambios a favor da humanidade”. Tamén celebramos a vida de Ernesto Cardenal.

Pasaron mulleres bravas, increíbles, como Amelia Amigo, dos Ancares, no día da muller rural, e Marisol Bravos, do foro de vida independente, que nos

dicía: “Pola miña propia historia de superación, soño cunha sociedade inclusiva”. E o marabilloso testemuño de Carme Touriño, enfermeira vocacional, en primeira liña contra o coronavirus en Pontevedra.

Ah! E as monxas de Abadín, anos de implicación: “Aprendemos a humildade, o coidado dos veciños, da xente máis débil”.

E veu Xosé Manuel Pensado, crego en Mazaricos e promotor da ONG *Égueire*, que mantén unha maternidade en Costa de Marfil, porque “se non nos abrimos a outras realidades, estamos quedando coxos como pobo vivo”. Coincía co noso brinde pola vida de Pere Casaldáliga. E así...

E a foto de Patrick Hutchinson, manifestante do movemento “As vidas dos negros importan”, salvando un neofascista foi todo un anticipo da derrota de Trump e as súas mentiras.

2020. Tanto que celebrar.

Black lives matter



O bo morrer é moral

Unha vez máis, no caso da eutanasia -e da lei recentemente aprobada- parece haber un especial interese por situar o debate na máis pura e miope mercadotecnia electoral. Aparecen os bloques das dúas Españas, a católica e a anticatólica.

Parece que non se avanza. Repugna ao sentido común do pobo cristián e á boa razón teolóxica de hoxe en día ver a Casado e Abascal facendo de “defensores da fe católica”. Pero por máis que apuren os seus argumentos, por máis que se queira poñer a “moviola” da historia, a cousa non debería ter máis percorrido que incrementar o fastío da sociedade coa súa clase política: a realidade actual non é a do século pasado.

A eutanasia e a súa regulación é un asunto de dereito e de ética civil e médica: axudar a unha boa morte, establecer os papeis de cadaquén, así como os límites e os controis necesarios para evitar posibles abusos sobre os máis fráxiles (tamén os abusos do encarnizamento terapéutico). Facer en definitiva unha boa regulación dun tema extremadamente delicado. É aí onde cómpre situar o debate, con independencia das achegas que cada tradición moral poidan facer.

O que resulta anacrónico é que exista unha “aproximación católica” ao asunto baseada nunha teoloxía inaceptable e superada. Non se pode seguir sacralizando a dor, e menos en situacións de enfermidade terminal cun nivel de sufrimento físico ou psíquico insuperables. Que caste de Deus hai detrás desa idea persistente de que hai que sufrir para “puntuar” diante del? Non abonda co sufrimento fecundo que o “mal estrutural -político, sistémico-” e o mal persoal provocan nas vidas concretas da xente, especialmente cando se intenta vivir unha vida plena, entregada, honesta, xenerosa? O cristianismo xenuíno non é dolorista, nin sádico: “misericordia quero, non sacrificios”.

Facemos nosas as preguntas que recentemente publicaba ao respecto José Arregui no seu blog de www.atrio.org: *É inmoral que alguén decida poñer termo á súa vida biolóxica, de todos os xeitos tan efémera, cando para el xa non posúe as condicións de calidade que a fan sacramento da Vida que non nace nin pode morrer? É inmoral que unha man amiga axude delicadamente a dar ese paso á Resurrección? É inmoral esa forma de pascua? “Non –diríannos–, o inmoral sería aprobar unha lei que acabase sendo un coador, que abrise a porta a mortes non consentidas, que permitise desembarazarse dunha vida por escuros intereses inhumanos”. De acordo, amigo, pero iso non sería eutanasia, senón cruel asasinato. Nada tería que ver cunha lei do “bo morrer”, a liberdade de morrer inseparable da liberdade de vivir. A opinión da maioría social non é garantía de moralidade, por suposto, pero fíome máis do consenso maioritario, sempre provisional, que da convicción absoluta de quen se cre depositarios exclusivos da verdade e do ben só encomendados a eles por designio divino.*

**Misericordia quero,
non sacrificios**

A CONSTITUCIÓN EXPROPIADA

Sorprende que sexan a extrema dereita e os sectores conservadores máis reaccionarios os que reivindiquen e se alcen hoxe en defensores da Constitución do 78, expulsando daquel consenso a máis da metade da cidadanía, polo menos. Preocupa que esta apropiación polos grupos máis antidemocráticos e xacobinos inutilice a Carta Magna como instrumento eficaz para a convivencia democrática entre as nacións e rexións conformadoras do actual Estado español. Como chegamos ata aquí? Haberá múltiples causas e razóns, pero coido que foron determinantes as etapas de consenso, refreo, sacralización e expropiación que aturou a Constitución.

O consenso constitucional naceu do medo. O medo dos franquistas a perder poder, a ter que render contas e sufrir as conseguíntes depuracións e a que se puxese en cuestión a supervivencia das fortunas nadas coa corrupción da ditadura. E o medo dos demócratas á continuidade dun réxime militar autoritario ou, alternativamente, a un cruento enfrontamento civil. O medo explica que se admitise a Coroa como nó gordiano do que quedou «atado e ben atado»; tamén que se tolerase a subsistencia do nacional-catolicismo nos privilexios da Igrexa católica ou que se pechase con sete cadeados calquera posibilidade de reforma constitucional no futuro.

Con todo, a Constitución abría esperanzadoras posibilidades para avanzar na democracia, e isto para moitos era un perigo. Ese perigo conxurouse co golpe do 23 F, que serviu para instaurar a lectura máis reaccionaria da Constitución e para establecer un

modelo de alternancia tacitamente pactado, o bipartidismo, embridando así a aplicación da lei fundamental.

Pero a inercia da democracia e, nomeadamente, o desenvolvemento das autonomías cuestionaban acotío a interpretación «oficial» da Carta Magna, polo que se procedeu á súa sacralización porque o sagrado non se toca, xera tabús e estigmatiza a quen se atreva a cuestionalo.

A fin do bipartidismo, a remuda xeracional e os novos retos e problemas da sociedade actual fixeron entrar a reforma constitucional na axenda do debate político. Isto espertou a reacción ideolóxica e partidista, que decidiu acaparar a Constitución e expropiarlla á maior parte da cidadanía, que queda expulsada do, por eles acoutado, espazo constitucionalista.

Para a miña idea, este noso nefasto proceso político tivo moito que ver coa actual apropiación indebida da Constitución por parte da extrema dereita e dos sectores conservadores máis reaccionarios.

A dereita pretende expropiarlle a Constitución á maior parte da cidadanía



A vaquiña polo que vale

Pedro Pedrouzo Devesa

Illando a decepción

Berta Dávila escribe que hai que escoller ben as verdades que se cospen diante da cara dos máis vulnerables. Cando é evidentísimo que un edificio está a piques de caer, non é necesario sinalar as gretas que o atravesan de arriba a abaixo, senón contratar alguén que sexa hábil en salientar as fortalezas dunha armazón insuficiente para que sexan reforzadas con puntais.

Dávila escribe sobre a febleza da creación, sobre todos os incertos pasos que hai que dar ata que chega o momento da consolidación, cando a obra creada pode saír ao exterior cun certo grao de seguridade en si mesma.

No seu libro *Orfeo*, Richard Powers pon en boca do seu doído protagonista Peter Els un pensamento referido á creación musical e dirixido á súa filla: “É o mellor que che pode pasar, pequena. Sen público, onde queira que te atopas, mentres non haxa oíntes, estás máis que segura. Es ceibe”.

Mentres Dávila acode ao outro para reforzar a súa creación, o personaxe de Powers desexa o dentro máis absoluto. Non quere ser atravesado polos demais e quere exclusivamente buscarse dentro.

Como pensar e escribir teñen ás veces un aquel de proceso ácrata, desordenado e mesmo caótico, dou en pensar no efecto Dávila e no efecto Powers na



política actual. Si. Escoito discursos inzados de soberbia a ámbalas dúas marxes ideolóxicas, discursos que están encantados no seu isolamento, que gustan máis do púlpito que proclama ca do adro no se que conversa. Utilizo as frases de Powers para gozar máis do pensamento de Dávila. Prefiro unha armazón que se reforza cos puntais dos que ven todo o que é salvable e fermoso do xa construído. Antes os puntais ca os picos.

**Antes os puntais
ca os picos**

Por certo, libro tras libro, que gran escritora Berta Dávila.

O peto do santo Antón

Manuel Regal Ledo



Benqueridas amigas e amigos:

Como vos vai, como estades de ánimos cara ao Nadal e cara ao ano novo? Desde aquí, desde o seo de Deus, desde o mundo de Deus, aínda que vos pareza que non, seguimos paso a paso as vosas andainas, neste momento abondo dolorosas, aínda que, polo que se ve, non carentes de boas cousas de esperanza e de xente que lles dá vida. Ánimo, non perdades a fe, soñade co de mañá, co de pasado mañá e, sobre todo, non vos consideredes o embigo do mundo, nin para o ben nin para o mal. Ben sabedes que hai países –Iemen, por exemplo, ou Haití–, dos que, por certo, non se vos oe falar nada, que están infinitamente peor ca vós. Sería moi doado poñer remedio á súa situación, pero para iso ninguén se mobiliza, ninguén mobiliza algúns cartos –chegaría a milésima parte do que estades investindo na vacina do COVID-19. Canto ao caso veu a carta esa do voso Papa chamándovos ao exercicio da irmandade sen fronteiras de ningunha clase! Supoño que vos estaredes deixando comover por ela. Oxalá!

E unha cousa. Por aquí gustounos moito esa iniciativa vosa, da xente de IRIMIA, de darlle unhas boas voltas á maneira que estades tendo de entender a Deus e o de Deus, á maneira de dicir cousas del e, sobre todo, á maneira de vivilo como persoas e como comunidade; á maneira, logo, de seguir crendo, vivindo e celebrando a fe no voso ámbito. Ánimo! Estoutro día xuntámonos un grupiño dos máis vellos e dos máis novos de aquí e comentamos o caso. Alguén sacou o escrito dese tal Alfonso Mascuñana. De



primeiras parecía un pouco forte e radical, como se nos quixese borrar do mapa, pero deseguida houbo quen afirmou que lle había que dar tempo ao tempo; que era certo que a moita, moita xente dese voso mundo a actual maneira de presentar o de Deus se lle volve insignificante. É dicir, que non lle di nada. Que as sensibilidades cambian, que as culturas cambian e que unha fe expresada no marco dunha cultura grecorromana non pode dicir moito a quen está noutra onda. Todo é revisable agás o amor, e aínda o amor, por ser tal, merece o seu tempo. Quedamos en seguirvos os pasos, en acompañarvos no que poidamos, no Espírito, en garantirvos o noso afecto e solidariedade.

Feliz 2021, irmás, irmáns. Facédeo fermoso. Máis do que está sendo. Contade connosco.

O CARRABOXO por XOSÉ LEIS



O peto común

Josecho de la Torre

Cousas da lingua

O incremento de plataformas audiovisuais xunto coas restricións de mobilidade derivadas da actual pandemia trouxo consigo un aumento notable do consumo de audiovisuais nos fogares, tanto nos máis maiores coma nos máis cativos da casa. Esta tendencia, ademais de poñer en xaque as xa “tocadas” salas de cinema, deixa unha vez máis de lado a nosa lingua. Hoxe é case inexistente o galego nas plataformas máis coñecidas, máis en concreto, os cativos cando queren ver debuxos a través delas, apenas poden facelo en galego.

En contraposición, desde A MESA nace a “Iniciativa Xabarín para a programación infantil e xuvenil en galego na TV” e recolle sinaturas por unha canle Xabarín Club 24 horas na TVG. Pídese, así mesmo, que a Xunta de Galicia chegue a acordos con outras administracións para que se poida ofrecer a opción dobrada. Que bo sería que as familias puidesen escoller, cando menos, a lingua dos debuxos das nenas e nenos e puidesen facelo en distintos horarios, como así o permiten as plataformas.

Outra illa moi pequena, pero xeitosa, neste océano lingüístico é o programa “Dígocho eu”, presentado pola xornalista Esther Estévez, que pretende axudar a mellorar o galego. Son vídeos curtiños coa explicación dunha palabra incorrec-

Asina!

Por unha canle
Xabarín Club
24 horas na TVG

A MESA POA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

#XabarínClub



ta para ofrecer de forma divertida a correcta. Este programa vén a recordarnos o “Ben falado” que presentaba Xesús Ferro Ruibal e que se emitía en horario de máxima audiencia na TVG, entre 2008 e 2011.

Xa por último, xirando das plataformas ás redes, é de citar o xesto que tivo o Cádiz CF cando na recente viaxe a Vigo, o 14 de decembro, para enfrontarse ao Celta, nada máis aterrar no aeroporto de Peinador, colgou nas súas redes unha mensaxe en galego que non pasou indiferente. Cousas da lingua.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Andamos uns cantos un pouco amolados polo feito de que unha das poucas actividades para escolares que era exclusivamente en galego pasase ao bilingüismo cordial e harmónico. É o Parlamento Xove. Aos poucos vaise levando adiante o proceso institucional de demolición da lingua.

De cando en cando podemos observar pequenos gromos que fan pensar que aínda hai algunha esperanza. Por exemplo, temos o #dígochoeu. Uns breves espazos da televisión que falan positivamente da lingua explicando cuestións sinxelas da gramática e o léxico fundamental do galego. Circulan moi ben nas redes sociais. Gústame especialmente que son moi frescos e moi pensados para a xente nova (a xeración tik tok) Tamén hai boa xente nova que busca presentar cuestións sobre lingua e literatura achegándose á xente nova. Penso nun vídeo que circula por aí que é o trap dos pronomes dun tal “aquele”; na que a ritmo de algo parecido ao reguetón explica a colocación dos pronomes. Ou calquera dos vídeos deste rapaz en Youtube ou os de Nee Barros, un rapaz que conta cousas sobre literatura galega e escribe poesía, teatro...

Algunha rapazada nova usa as novas tecnoloxías e os seus códigos para o uso do galego. Porque todo se pode facer en galego, non si?



PARLAMENTO
XOVE

A expansión do **EUCALIPTO** parece imparable. A especie, cualificada como “exótica e invasora” polo Comité Científico do Ministerio de Transición Ecolóxica, supón hoxe o 60 % da madeira que se produce en Galicia e acaba de atopar un novo aliado en Inditex que, apoiada pola Xunta, prevé poñer en marcha unha fábrica de roupa “sostible” a partir da pasta de celulosa. Mentres outras alternativas como o aproveitamento gandeiro, a resinación ou a apicultura ecolóxica quedan reservadas á heroicidade individual.



O Campus de Lugo da USC conta desde hai un mes cunha nova granxa experimental de **VACÚN DE LEITE**, situada na Finca Gayoso, en Castro de Rei. As instalacións tratarán de reforzar un sector produtivo esencial e no que Lugo é unha potencia a nivel de todo o Estado. O leite supón para a provincia o 12 % do seu produto interior bruto e o 18 % do emprego.

EXERIA contará cunha praza no rúeiro de Santiago de Compostela. Así o aprobaron os catro grupos municipais a mediados de decembro. A iniciativa partiu da Asociación de Mulleres Cristiás Galegas que leva o seu nome e con ela preténdese lembrar a que foi a primeira peregrina da que se ten constancia en Hispania. É de lei -din as mulleres da Asociación Exeria- ter un recuncho da cidade dedicado a esta insigne peregrina.



A Asociación de Periodistas e Estudos do Camiño de Santiago concedeulle á **QUENLLA**, polo seu disco **TROBADOR NO CAMIÑO**, o oitavo Premio Internacional APECSA 2020. Trátase dun traballo de gran beleza, no que se recuperan con música do propio grupo dez cantigas do trobador Martín de Padrozelos, lugar no actual concello de Samos. Estímase, de feito, que se trata do primeiro trobador en lingua galego-portuguesa, segundo se acredita nos cancioneros da Vaticana e da Biblioteca Nacional de Lisboa, de acordo coa investigación dos profesores Xulio Pardo de Neyra e Dulce Fernández Graña.





O TSXG anula a autorización do **PARQUE EÓLICO** de Sasdónigas (Mondoñedo), ao detectar unha “fragmentación artificial” do proxecto, unha “práctica fraudulenta” que impediu unha correcta avaliación ambiental. A sentenza confirma, por vía xudicial, as denuncias dos colectivos medio ambientais contra a Xunta por permitir esta práctica e podería ter un efecto inmediato sobre parques planeados na comarca de Ordes e na carreira eólica iniciada polo goberno galego.

O CDR O VISO é sempre fonte de boas noticias; a última, a presentación ao Leader dun proxecto denominado “Casas da memoria e a interpretación da paisaxe”, co que pretenden facer unha recuperación patrimonial dalgunhas temáticas que conformaron a vida da xente maior (minas de estaño, emigración...). Para iso iniciaron a recuperación e restauración de tres locais en Lodoselo, co obxecto de poder dedicalos a exposicións vinculadas coas actividades do “pobo escola”.



A xustizaponse do lado dos traballadores de **ALCOA** ao declarar nulo o despido colectivo que pretendía aplicar a empresa para os máis de 500 traballadores que ten na planta da Mariña. A sentenza obriga a empresa a manter a súa actividade e o emprego, xa que impide tanto os despidos como o apagado das cubas de electrólise. As diferentes administracións confían en que, ante esta situación, a empresa se aveña á venda voluntaria da fábrica.



A COMUNIDADE DE VIDA CRISTIANA (CVX), vinculada á

espiritualidade ignaciana e que agrupa 1 100 persoas de toda España, vén de facer público o manifesto “Vivindo a unidade na diversidade”, co que amosa o seu apoio ao colectivo LGTB. O documento define como “un don de Deus” que a comunidade católica estea formada por persoas con orientacións sexuais diversas e expón que a discriminación inxusta que sofren estas persoas debe ser unha chamada de atención para a comunidade cristiá.





Tania Capón, Paloma Suanzes, Martín de Padrozelos e os novos sons da Quenlla

A Quenlla acaba de ser premiada polo seu precioso traballo de recuperación e “posta ao día” dun trobador esquecido. Da súa man aprendemos que Martín de Padrozelos, natural de Praducelo de Lóuzara, concello de Samos, foi o “cantautor” das primeiras cantigas coñecidas en galego, como demostran os cancioneiros da Vaticana e da Biblioteca Nacional de Lisboa. O traballo premiado pola Asociación de Periodistas e Estudosos do Camiño de Santiago é o disco Trobador no Camiño, que musica dez cantigas deste precursor. Na Romaxe de Vilalba (“Ferrados de Corazón”), coñecemos a Tania Capón, Paloma Suanzes e Yaiza Seijo e gozamos das súas voces, do seu saber instrumental e da súa xenerosidade. Coas dúas primeiras conversamos.



Pois comecemos polo principio, logo: de quen vides sendo? Como fostes chegando a facer cousas tan xeitosas?

(Paloma) No meu caso, dende pequena estiven interesada na música folk non só galega senón tamén escocesa, irlandesa... do mundo. Empecei a cantar por toda Galicia desde o ano 95 como cantautora galega. Actuei no festival folk de Pardiñas e de Moeche no 98. No ano 99 gravei un disco chamado “Feitizo”. Unha vez gravado ese disco fixemos unha presentación en Galicia e fóra dela (Plasencia, Valladolid, Salamanca, Madrid...). Colaborei en gravacións doutros discos como “Ball-cans Projecto Ninghen”, “Catro mulleres catro estilos”... Formei un dúo musical chamado *Alba Noctua* co que percorremos Galicia, España e chegamos ata Irlanda. Tamén colaborei con outros artistas como María Manuela, Pilocho e actuei no espectáculo de mulleres *Son delas* xunto a Guadi Galego, Uxía Senlle ou Mercedes Peón.

Coñecín a Mero durante este percorrido musical e reencontrámonos tras

unha actuación co grupo Ith. Deste reencontro xurdiu a proposta e embarqueime encantadísima na súa “dorna” chamada A Quenlla.

(Tania): Eu veño dunha formación clásica e académica que desenvolvín primeiro en Lugo, despois en Vigo e

facerlle honra a un legado histórico foi un reto a nivel persoal e musical

finalmente en Bratislava. Neste ámbito colaborei coa Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquestra de Cámara Galega ou a Orquestra Gaos entre outras. No medio deste periplo comecei a tomar contacto con músicos doutros estilos e achegueime así á música folclórica especialmente. Pertencín ó grupo Kibitka no que nos fusionabamos músicos de diferentes nacionalidades cos

ritmos propios da nosa tradición (do leste, latinos e galegos principalmente). Seguindo este vieiro de raíces e centrándome cada vez máis nos sons da nosa terra, entrei a formar parte do grupo Brath durante un par de anos. Finalmente, por felices coincidencias da vida, presentóuseme a oportunidade de coñecer a Mero e ter a honra de ser acollida nesta nova formación da Quenlla, na que, ademais de gozar a nivel musical, non podería desexar ter mellores compañeiros de andanzas.

Que supón persoal e musicalmente para vós serdes protagonistas desta descuberta dun trobador galego practicamente esquecido?

Temos que agradecer os traballos de Xulio Pardo de Neyra e Dulce Fernández que nos achegaron a estes maravillosos textos e que nos permitiron ser a chave que conecte dous tempos e artes: a palabra medieval coa música deste século. Certo é que hai un vínculo que nos une co pasado e é que as emocións plasmadas nestes textos son intemporais. Incluso algunha sorprendeunos gratamente ó non esperar que na lírica desa época puidera haber unha cantiga desa índole; en concreto referímonos a “Amig’avia queixume” que non sendo nin de amor nin de amigo, conforma un diálogo entre

home e muller no que é ela a que pon os límites e el o que pide perdón.

Facerlle honra a un legado histórico foi un reto a nivel persoal e musical. Intentamos sempre conxugar ambas tradicións desde o máximo respecto. As reminiscencias medievais musicais vense reflectidos nos modos empregados, os intervalos, os ritmos...

Para nós as dúas, que eramos compañeiras no ámbito educativo, este proxecto supuxo o descubrimento

non é fácil abrirse camiño: o traballo e a valía do músico non está debidamente recoñecido

dunha afinidade musical que despois compartiríamos co resto do grupo.

A letra estaba nos cancioneiros, pero a música non. Como fostes resolvendo semellante reto?

Estivemos analizando os textos e aquel de nós que se sentira máis identificado cunha das cantigas tomaba a iniciativa na creación musical. No momento da

composición intentamos conectar coa emoción expresada polo autor nesa cantiga e intentar que fluíse a través da música. Despois, esta idea primixenia era levada ao ensaio, compartida e moldeada entre todos e todas ata logramos un balance adecuado de todos os aspectos que queriamos desenvolver no tema.

Desde a vosa experiencia persoal, como vedes a música en Galicia? Como vedes a xente nova que aposta por formarse musicalmente? Hai futuro alén da COVID e da crise demográfica?

A calidade musical en Galicia segue crescendo e desde o noso punto de vista a gran velocidade. Hai unha enorme variedade musical que acolle estilos moi diferentes. Os músicos inician a súa formación a idades cada vez máis temperás e isto deriva en que cheguen a idade adulta cunha bagaxe amplísima. De feito hai músicos galegos que están triunfando a nivel internacional como Abraham Cupeiro ou Juan Durán.

Non obstante, aínda non é fácil abrirse camiño neste mundo. Primeiro porque o traballo e a valía do músico non está recoñecido a todos os niveis e é necesario o apoio tanto institucional, como burocrático e económico; e despois





Tania Capón, Paloma Suanzes, Martín de Padrozelos e os novos sons da Quenlla



porque non hai igualdade de oportunidades para todos e isto non favorece o crecemento e o enriquecemento da cultura na nosa terra.

Sempre hai futuro, ten que habelo independentemente das vicisitudes. Agora tocounos o COVID que, certo é, freou considerablemente a actividade cultural coas cancelacións ou a redución do número de aforo, pero isto é un mal pasaxeiro (iso cremos!); o que comentamos con anterioridade si que para nós é máis preocupante. O mesmo sucede coa crise demográfica, non importa tanto o número de xente senón o interese pola cultura, se é forte, esta manterase.

As dúas estades profesionalmente involucradas no ensino. Cal é a importancia de educar na música os nosos cativos e cativas? Ten algo que ver con quererlle máis e mellor á nosa terra?

Están máis que avalados os beneficios da música nos nenos. Sabemos que nesta materia se traballan simultaneamente varias áreas do cerebro e que favorece a atención, a memoria, a concentración, a fluidez de expresión, estimula a creatividade, reforza a lin-

guaxe, aumenta a sociabilidade, axuda ó desenvolvemento psicomotor e poderíamos seguir enumerando.

Nós temos a sorte de traballar nun colexio, o colexio Fingoi de Lugo, que cre firmemente na importancia da expresión artística para a formación dos nenos e nenas. No noso colexio a música do noso contorno, da nosa tradición, é a primeira coa que contactan. É un centro educativo que xa desde os seus inicios en 1950, sendo

a música no ensino crea un vencello especial coa terra

director Carvalho Calero, procurou de coidar, protexer e difundir a nosa cultura. De feito, dentro do currículo do centro está incluído o baile tradicional e os grupos de música tradicional (coa aprendizaxe de gaita e percusión tradicional).

Está claro que así se crea un vencello especial coa terra. Recordamos,

por exemplo, cando se xubilou unha cociñeira que levaba media vida no colexio. Como sorpresa despedímolos cantando os nenos “A pomba dourada” musicada por Batallán. Tal foi a emoción que experimentaron que os nenos cantaban chorando. Tamén houbo un ano no que polo Día das Letras Galegas, mentres recollíamos, os nenos puxéronse a cantar por iniciativa propia o Himno Galego, posto que aínda que iamos fóra de tempo non concibían pechar o acto doutra maneira.

A Quenlla está identificada cunha música de raíz, comprometida. Sen renunciar a esa identidade, como enganchar coa xente nova e con cousas novas que están aparecendo?

Todo depende de como se lles presente. Por exemplo, Paloma introdúcelles as cantigas medievais explicando que era a maneira de expresar o “crush” da época. Entón, desta maneira, conectan máis con esa música, séntense máis identificados. Moitas veces a clave está en como transmitimos, a linguaxe que utilizas e en facer que participen.

Ler para camiñar

Juan Antonio Pinto Antón

Larga será la noche

Esta é unha novela. Thriller, din os entendidos nisto do suspense e da intriga. Unha novela fascinante de xénero negro. Esta é unha historia que semella unha película de acción onde o tempo transcorre de xeito trepidante. Esta é unha novela que conta a vida exuberante máis aló do realismo máxico. Porque está ben ancorada na realidade dunha Colombia cunha fenda entre dúas Colombias. Esta é unha novela negra e dura, é dicir, de sangue e intriga, de violencia, drogas e sexo.


Pero éche tamén unha novela máis que unha novela. Porque detrás das aventuras da xornalista e da súa axudante, exguerrilleira das FARC, e dun fiscal da república, embarcados nunha perigosa investigación..., están as igrexas evanxélicas en plena expansión en EE.UU. Brasil, aquí en Colombia.

Segundo o novelista Santiago Gamboa, o que late detrás da literatura brillante da novela, e que describe como un grave problema, son as ultraconservadoras igrexas evanxélicas, un perigo para as democracias latinoamericanas. E no caso de Colombia, case asunto de seguridade nacional e o retrato dun país convulso.

Pois estas igrexas, sobre as que percorre a trama, funcionan como un potente, agresivo e ben financiado instrumento da ultradereita. E non o di só o novelista. Os observadores máis atentos mostran a súa preocupación polo increíble poder que están gañando. Non só en Latinoamérica, senón noutros continentes como o africano. Funcionan como instrumentos dos poderes máis reaccionarios onde pouco ou nada contan os prescindibles, meros figurantes que aportan masa, dependencia emocional e espiritual... e cartos. Todo un botín político para caciques da zona que aproveitan o desamparo e a fragilidade destes "desechables".

Polo de agora, lemos e gozamos cunha novela que reflicte unha Colombia coas feridas abertas dun durísimo conflito bélico. Ou as dúas colombias, que tentan superar esa longa noite de violencia e enfrontan agora outros problemas novos. Guerra e narcotráfico antes, violencia endémica e auxe de igrexas evanxélicas agora. Da man destes tres heroes civís: a xornalista, a exguerrilleira símbolo de reconciliación e o teimudo fiscal Jutsiñamuy, símbolo da decencia.

Todo iso na fermosa e inquietante novela con varios niveis de lectura. *Larga será la noche*. De Santiago Gamboa.



A novela reflicte
unha Colombia
coas feridas
abertas, ou as
dúas colombias

Alfonso Mascuñana/Eva Amador

GAM (Grupos de Apoio Mutuo) da Coruña



Aixa cunhas amigas

**O dereito e o revés
do acontecer.
Todas amigas,
todas fraternas.
Dando e recibindo**

Sucedeu

Abril de 2020, primeiros compases do confinamento, un feixe de persoas amigas preguntábase que facer para axudar a persoas confinadas e con necesidades de emerxencia alimentaria ás que os servizos sociais aínda non chegan. Móntase un whatsapp aberto que circula sobre todo pola zona do barrio das Cunchiñas a través do cal pódense achegar, de inicio, cartos, e

expoñer necesidades. A xente non está a saír das casas. Unha ONG ofrécese a mercar cos fondos que vai habendo e facer o reparto.

A axuda horizontal medra. Danse tres pasos adiante: un, colgar chats abertos en todos os barrios e establecer unha coordinación e comunicación entre eles; dous: abrir unha caixa de resistencia monetaria, enfocada sobre todo ao acceso á vivenda; tres: buscar en cada barrio tendas de alimentación que se presten a recoller pequenos fondos para que persoas en emerxencia poidan utilizalo alí, mercando na mesma tenda.

expoñer necesidades. A xente non está a saír das casas. Unha ONG ofrécese a mercar cos fondos que vai habendo e facer o reparto.

E foi indo

Como bóla de neve de coidados solidarios, no medio do barrio, foron medrando os GAM.

Anótanse moitas persoas nos chats: as que demandan axuda urxente e as que, sen ter necesidades polo momento, permanecen dispostas a botar unha man con cousas varias que se demanden: máscaras, roupa de cama, berces, muletas, colchóns, microondas... Bastantes persoas permanecen conectadas por se se dá o caso de que poidan contribuir. Son dúas mil as persoas que dunha ou outra maneira pasaron polos Grupos de Apoio Mutuo.

Este relato facilitoumo nunha conversa Eva Amador, que xuntamente cun grupo de mulleres comezaron a envorcar o seu amor nos coidados solidarios de barrio.

Elas e eles

Quixemos parolar un anaco con algunha das persoas que sentiron os efectos desa solidariedade nas súas vidas; fixémoslo con tres.

Noheralix Morales

Ten dúas nenas. Leva once meses en España; atopouse con Loli, moi activa nos GAM e puido conseguir alimentos

e cousas que lle eran necesarias como dúas camas de 90. “Aquilo foi mandado por Deus”, dime, “Nin o meu esposo nin eu tiñamos traballo. Tivemos ese apoio incondicional... e como amigas”.

E continúa: Pois a verdade é que nin no meu país nin aquí nunca vivín unha experiencia así, non coñecín nada similar”

Aixa Moream

Falo cunha segunda persoa que se presta a poñer por escrito a súa experiencia cos GAM. Isto foi o que nos di:

Ola, boas tardes. Son Aixia Morean, venezolana chegada a España hai dous anos. A raíz da situación que sorprendeu a todos no mundo eu atopábame na Coruña e por todo iso estaba algo deprimida. Contactei con GAM por medio dunha amiga a quen chamei para saber como se encontraba e moi xentilmente deume un número telefónico. Dei cunhas xentes superamables e xentís, e cun don de servizo e de axuda ao próximo. Grazas a Deus durante todo o confinamento non me faltou

nunca comida ni palabras de ánimo. Sorprendeume moito que sen coñecerme me levaran ao supermercado e fixéronme unha compra de todo e a maiores todos os días ía un mozo colaborador de GAM levarme o almorzo xa feito á porta da miña residencia”.

Obviamente estamos vulnerables porque non estamos coa familia ao lado e a situación animicamente colócanos no lado débil. Estando soa faise máis pesado levar as cousas. Grazas a coñecer xente coma vós puiden recibir apoio moral e apoio de sustento para poder levar o día a día.

É a primeira vez que estou aquí e aténduseme excelente e satisfactoriamente, sen pedir nada a cambio. Esta organización é de grande axuda: non só é no económico; tamén podo contar con eles como amigos amigas que me escoitan e danme ánimos e, ás veces, iso vale máis ca todo o diñeiro do mundo.

Síntome moi agradecida con todo o equipo que axuda a moita xente e que lle dá valor coma ser humano... Non é



Martin con dous amigos

A fraternidade non é só resultado de condicións de respecto ás liberdades individuais, nin sequera de certa equidade administrada. Aínda que son condicións de posibilidade non bastan para que ela xurda como resultado necesario. A fraternidade ten algo positivo que ofrecer a liberdade e a igualdade. Que ocorre sen a fraternidade cultivada conscientemente, sen unha vontade política de fraternidade, traducida nunha educación para a fraternidade, para o diálogo, para o descubrimento da reciprocidade e o enriquecemento mutuo como valores? O que sucede é que a liberdade enfraquece, resultando así máis unha condición de soidade, de pura autonomía para pertencer a alguén ou a algo, ou só para posuír e gozar. Isto non esgota en absoluto a riqueza da liberdade que está orientada sobre todo ao amor.

Carta Encíclica “Fratelli Tutti” sobre a fraternidade e e amizade social. Nº 103.

Irmandade aberta

GAM (Grupos de Apoio Mutuo) da Coruña



Noelix Morales coas súas fillas

que usen as persoas axudándoas para recibir un ben... Sinto que o que fan... Fano de corazón.

Grazas, mil grazas e como sempre moitas beizóns e sigan así. Sempre onde estean Deus as bendiga.

Despídese de vostedes a súa fiel amiga
AIXA MOREAN

Martín

Falo con Martín, que prefere enviarme un audio que transcribo aquí:

Ola, como andan? Son Martín un mozo arxentino de vinte anos. Estou acó na Coruña desde hai arredor de dez meses.

A verdade é que me cambiou moito a vida con respecto á do meu país. Pasáronme cousas que quizais nunca imaxinara que ían pasar, pero ben, é a vida mesma, non si? O que lle toca a cada quen.

Eu aquí estou só, non coñezo a ningún, ...vaia agora si, que fixen algunhas amizades, pero estiven moi só moito tempo. O GAM foi o primeiro paso que dei para integrarme na sociedade e axudáronme moito con apoio emocional, psicolóxico, falándome,

escoitándome, neses días nos que precisas falar con alguén. Logo, a maiores, polo tema da vivenda, que me salvaron, digamos, quitáronme da rúa, pois tocábame durmir na rúa. Moito me valeron.

Coñecín o GAM por un mozo colombiano que me fixo de ponte, que me contactou. O certo é que de grupos ou asociacións esta foi a que máis me axudou porque hai xente que ten ganas, que se poñen no lugar do outro, que teñen empatía, que ás veces é moi complicado iso de encontrar. Axudan sen nada a cambio. Pero na vida o que ti dás, volve. Se fas as cosas de corazón, váiseche devolver o triplo, quizais moitas veces máis. A verdade é que me axudaron moito; desde inserirme na sociedade até para poder comer, mesmo para poder durmir ao quentiño moitas veces, que creo que pasar frío e fame é o peor que lle pode pasar a calquera persoa. Así pois, agradézocho moito. Espero que estea todo ben e un saúdo grande.

Sinto que o que fan, fano de corazón

Un país coma un mundo

Felipe Arias Vilas

Polas minas romanas do Sil e do Courel

Entre as etapas de maior relevancia na historia de Galicia e que ademais ten unha importante manifestación no ámbito patrimonial, está o mundo dos castros prerromanos e galaico-romanos e as explotacións auríferas romanas, tanto sobre xacementos primarios (sobre rocha) como secundarios (de aluvión).



Montefurado no Sil

Montefurado, o máis monumental dos “montes furados”

Indo desde Lugo (por Sarria) ou desde Ourense (por Monforte) e cun percorrido dun día (ou de dous, se queremos ir amodo) e uns 200 km, que recomendamos facer sobre todo na primavera ou no outono, e pasados os lugares de Rairos e Augasmestas (topónimo que indica a unión entre o Sil e o Lor), onde tamén hai restos de minas

romanas, cruzamos logo Quiroga para chegar a Montefurado, desviándonos para ver o seu impresionante túnel artificial de 400 m de longo e case 20 de ancho, escavado nun meandro do Sil e que permitía a explotación do ouro aluvial do seu leito orixinal. Quizais do século I d. C. é o máis monumental dos moitos “montes furados” que Roma deixou na antiga *Gallaecia*, para levar entre 15 000 e 20 000 libras de ouro a

base dunha perfecta organización técnica e administrativa, que modificou decisivamente o territorio e a sociedade castrexa prerromana.

Preto da aldea de Montefurado pódense ver tamén restos das explotacións de tipo secundario, sobre aluviós barrentos ou arxilosos, en forma de pequenas “meduliñas” con restos dos túneles, situadas fronte á igrexa parroquial de S. Miguel, un dos templos máis característicos da comarca, coa súa gran torre e unha boa vista sobre esta parte do Sil.

Pola Serra do Courel

Volvendo cara a atrás ata Quiroga (que ten un interesante museo xeolóxico da zona), desde aquí, e pasando antes a rentes da igrexa da Ermida (de onde procede o primeiro e gran Crismón galego, hoxe no Museo Diocesano de Lugo), comezamos a ascender ao Alto do Boi, que nos introducirá de cheo na Serra do Courel, pero divisando tamén, a media subida e cun panel informativo, os interesantes pregues xeolóxicos de Campodola e Leixazós (onde, dicía Ánxel Fole, “Non entra nin carro nin Dios”).

Se temos tempo e imos con máis vagar, desde o Alto do Boi sae á esquer-



Meduliñas en Montefurado

Un país coma un mundo

Polas minas romanas do Sil e do Courel



Val do Lor desde o Castro da Torre

Igrexa de Montefurado

da unha estradiña que leva á aldea e ao impresionante castro de Vilar, nun esporón debruzado sobre un meandro do río Lor, e de volta á estrada xeral e pasado Folgoso (e as inevitables -?- canteiras de lousa que estragaron a zona), podemos subir ata a tamén etnográfica aldea de Sobredo, desde a que hai un costento camiño ao castro da Torre, que ofrece unha das mellores panorámicas do val do Lor e do Courel; ambos castros eran poboados vinculados ás minas de ouro de época galaico-romana.

Hai sitios para xantar tanto en Folgoso como máis adiante, en Seoane,

desde onde sae unha estrada a Espesante e, algo máis arriba, ao enclave do Castelo medieval de Carbedo, preto do Monte Cido, onde apareceron a *tesseira hospitalis* ou pacto de hospitalidade en bronce entre pobos castrexos, baixo o mandato romano e o remate de estandarte en forma de aguia, tamén de bronce, que hoxe se poden ver no Museo de Lugo.

No camiño de volta

Se seguimos subindo só unha miguiña a estrada a Mostaz e Romeor, moi de seguida e á esquerda teremos a mellor vista das enormes minas auríferas do Torubio (en primeiro plano) e da Toca

(do outro lado do Lor), sendo esta última, que é un enorme “bocado” no monte, unha das máis coñecidas e espectaculares do NO e un bo exemplo das explotacións de tipo primario sobre rochas metamórficas.

Volvemos a Seoane e desde aquí podemos facer a viaxe de volta por Folgoso e Quiroga cara a Monforte ou ben, se imos por Lugo, facela mellor saíndo ao Camiño Francés de Santiago no Alto do Hospital, para chegar ao Cebreiro, que merecerá outro día unha visita monográfica ao seu Santuario mariano e ao conxunto etnográfico das Pallozas.

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Mesa de redacción: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tif. 986 10 49 45.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu Molet, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuiña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López.

Corrección lingüística: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

Recepción de artigos e colaboracións en: irimia@irimia.gal

Subscricións: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela.

Tel.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista:

irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 650 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



O bo morrer
é moral

Actividade
subvencionada
pola



Deputación
DA CORUÑA

Non esta- mos sós

Deus veu a nós porque quería unirse a nós no camiño, para escoitar a nosa historia e para nos axudar a nos decatar que non estamos a camiñar en círculos, senón que nos diriximos cara á casa da paz e da alegría. Este é o gran misterio do Nadal que continúa a nos dar consolo e alegría: non estamos sós na nosa viaxe. O Deus de amor que nos deu a vida enviou ao seu único Fillo para estar connosco en todo momento e en todo lugar, para que nunca nos sintamos perdidos nas nosas loitas, senón que sempre poidamos confiar en que el camiña connosco.

O desafío é deixar que Deus sexa quen quere ser. Unha parte de nós aférrase á nosa soidade e non permite que Deus nos toque onde máis estamos a sufrir. A miúdo ocultámoslle precisamente eses lugares de nós mesmos onde nos sentimos culpables, avergoñados, confundidos e perdidos, así que non lle damos a oportunidade de estar connosco onde nos sentimos máis sós.

O Nadal é a renovada invitación a non ter medo e a deixar que el –cuxo amor é máis grande do que os nosos propios corazóns e as nosas propias mentes poden comprender– sexa o noso compañeiro.

Henri J. M. Nouwen, *Gracias! Un diario latinoamericano*

Boa nova//utopía

Falando da lingua

Lidia e Valentina

2021...

Estamos todos a rabear por que remate este ano 2020 e... a nós dános un chisco de medo tanto desexo e tanto chiste con “Vaite 2020!!!”, “Mala chispa te coma, 2020”. Si, déixao ir!, pero vénnos á cabeza aquilo de “Tras de min virá quen bo me fará” e... o demo é tendeiro... Vaia, así e todo, se chegamos con saúde e con toda a nosa xentiña, pois haberá que seguir sachando o ano que vén... Confiemos... Sempre podemos botar man daquela frase de Dale Carnegie: “Se a vida che dá un limón, fai limonada...”.

Hai que ir levantando o ánimo, acordádevos de que tras da santa Lucía mingua a noite e medra o día, e con máis luz vese o mundo máis claro... Din aquilo de “Ano de nevadas, ano de fornadas” e este ano xa nevou! Continuamos a confiar...

Nós habemos de porfiar e porfiar e turrar por ela para diante, e ha saír, se por ben é! Deus nos oia e o diaño sexa xordo! Malo será... Poña Deus a man no carro e que el nos teña na súa man. Non ha ter mal, ho, todo se andará. Meigas fóra! Negámoste demo!!! E continuamos a confiar...

E tanto a facer forza a desexar..., vós escribistes postais de felicitación cos vosos mellores desexos para este Nadal? Quizás non... Nós tampouco... Esa xa é unha vella tradición que case quedou no esquecemento... Canto prestaba o carteiro a chamar á porta e ir a correr onda el para ver quen escribía aquel día, e a ver que bonitiña era a postal... Habíaa ata con purpurina dourada ou prateada! Évos ben boa lástima que non quede nada daquilo... Imos aproveitar para darlle unha volta ás expresións referidas ao Nadal para que fagades un bo uso delas no wasap. Non chegaremos para este ano... Quedan aí para o que vén!

Pois ben, acordádevos que Nadal, Noiteboa, Noitevella, Ano Novo e Reis se escriben con maiúscula inicial porque son nomes propios de festividades. Se “Nadal” se refire ao período de tempo

(“Pasou todo o nadal a correr de un lado para o outro”), si se pode escribir en minúscula. E “ano novo” irá con minúscula se nos referimos ao novo ano, o que vén: “Desexámosvos un feliz Nadal e un próspero ano novo”. Ollo, que as palabras “feliz”, “próspero”, “amor”, “paz” ... non deben escribirse con maiúscula, son nomes comúns. O mesmo ocorre con “belén”, “nacemento”, “portal”. Si escribiremos con maiúscula Neno Xesús, Apalpador, Papá Noel...

Acabouse o 2020, vaia o demo con el!



O fachineiro da historia de Galicia Aquí pasou o que pasou



Por que somos así? Xa sabemos da nosa tendencia a baixar a orella e esconder o rabo entre as pernas. Pero por que? De onde vén esa falta de autoestima e esa querenza por tirar pedras contra o propio tellado? As orixes deste fenómeno son fondas e antigas. Por que os galegos e galegas temos esquecida a nosa propia historia? Por que case ninguén sabe que hai un panteón dos reis (de Galicia) na catedral de Santiago? Por que un reino que, con fronteiras cambiantes, se estendeu desde o século V ao XIII desapareceu dos libros de historia e dos libros de texto? Por que Afonso X, o Sabio, debía ser Afonso IX? Por que se lle quitou calquera valor ao reino suevo e se engrandeceu o visigodo cando ambos tiveron a mesma duración? Por que o Reino de Galicia pasou a denominarse nas crónicas Reino de León? Aquí pasou o que pasou, pero non queremos decatarnos. O caso é que Galicia foi borrada da historia de España porque o que cumpría era xustificar un Estado ao que había que atoparlle fío directo con Covadonga. Nada vai cambiar o futuro porque descubramos agora o pasado, pero resulta de imprescindible lectura o libro *O Reino medieval de Galicia. Crónica dunha desmemoria* de X. M. Andrade e A. López Carreira para sermos conscientes. E despois xa escribiremos o futuro como queiramos.